



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/06/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Local Social da Canteira de Paredes leva tempo esperando que se remate na súa integridade e se dea, dunha vez por todas, a súa definitiva apertura.

Segue sen estar definido o acceso ao local, polo que é necesario a súa definición e a súa dotación de iluminación, da que hoxe en día carece.

O local, tamén, carece de mobiliario adecuado para as funcións a que está destinado polo que é necesario dotar os despachos para que as asociacións poidan desenvolver o seu traballo.

Tamén estaba previsto que funcionase unha cantina no local que dese servizo aos usuarios do parque da Canteira e ás persoas que asistan ás actividades que se organicen. Para isto habería que instalar as dotacións necesarias e posteriormente sacalo a concurso para que os interesados presentasen as súas ofertas. Dita cantina debería de vencellarse ao mantemento do parque público da canteira.

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa rematará o Local Social de Paredes e dotarao do equipamento adecuado.

Segundo. O Concello de Vilaboa elaborará un proxecto, e presentarllo ás entidades asociativas de Paredes e aos grupos políticos municipais, para definir o acceso ao Local Social de Paredes e a dotación de iluminación.

Segundo. O Concello de Vilaboa sacará a concurso público o establecemento dunha cafetería no Local Social da Canteira de Paredes.

Vilaboa, 22 de xuño de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA